



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## BANDO

### MEDIDAS COVID-19

**DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA**

**Comunico a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 15 os casos positivos por Coronavirus COVID-19.**

Vista a evolución positiva da situación epidemiolóxica do noso Concello, adóptanse as seguintes medidas:

1. Abrir ao público os parques infantís, circuito de calistenia, pista multideporte, pista de pádel e pavillóns.
2. Abrir ao público as áreas recreativas.
3. Reanudar a celebración da Feira Municipal de Santa Comba o próximo luns día 21 de setembro de 2020.
4. Apetura do Curso Escolar 2020-2021 da Escola Infantil Municipal o próximo luns día 21 de setembro de 2020.

**O concello de Santa Comba tamén quere recordar a todos os seus veciños que é imprescindible seguir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr a transmisión do coronavirus:**

1. Usar máscara seguindo as recomendacións sanitarias é obrigatorio en tódalas circunstancias.
2. Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
3. Manter unha distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
4. Evitar aglomeracións en sitios concurridos, así como evitar reunións e actos sociais con máis de 10 persoas tanto en lugares públicos (terrazas..) como privados (domicilios...). Recómendase evitar os contactos sociais fora do grupo de convivencia estable.
5. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable, tirándoo despois a unha papeleira.
6. Con síntomas (febre, tose, dor de cabeza, perda de olfacto e gusto, diarrea, etc.) quedar na casa e contactar telefonicamente co seu/súa médico de Atención Primaria.
7. Prohibición de fumar e vapear na vía pública ou en espazo ao aire libre cando non se poida respetar unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Para máis información: [www.coronavirus.sergas.gal](http://www.coronavirus.sergas.gal).

**Estamos obrigados a seguir cumprindo as normas e actuar con moita responsabilidade no día a día e agradecer o comportamento exemplar de toda a cidadanía.**

Santa Comba, 16 de setembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García